

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA PARA A CONSTRUCIÓN DO CENTRO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN EN PAISAXES CULTURAIS (CEIPAC) E A ADECUACIÓN DE ESPAZOS PARA SERVIZOS DO CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG), A AXENCIA PARA CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 04 de xullo de 2018 coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para executar accións destinadas á construción do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), como centro de investigación en Ciencias Humanas e Sociais do SUG, e a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) así como a posible ubicación do CESGA, no edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na Comisión do Seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 de 8 de marzo de 2018, decidiuse a implantación dun complexo de investigación e innovación do SUG que se sufragará con fondos procedentes do dito plan de financiamento, establecendo como lugar óptimo para dita implantación, a Cidade da Cultura de Galicia.

Visto anterior, a Consellería e a Fundación consideraron necesario colaborar para impulsar a ordenación, estruturación do SUG e a potenciación da investigación universitaria en Galicia no campo das Ciencias Sociais e das Humanidades, e entenden que a máis óptima das ubicacións posibles, sería a que oferta o proxecto do “edificio Fontán” da Cidade da Cultura, tendo en conta as sinerxias que se poden xerar entre eles e cos outros edificios e funcións xa existentes na propia Cidade da Cultura.

O novo edificio levantarase sobre a estrutura do que ía ser o Teatro da Ópera, a máis económica e sostible de todas as alternativas dispoñibles para emprazalo xa que aproveitará de base a infraestrutura xa existente na actualidade; a utilización desta infraestrutura, abarata os custes da construción xa que a obra se atopaba iniciada no momento da súa paralización. Pero ademais, a elección de este enclave, baséase no seguinte;

- Permite solventar os efectos negativos do impacto visual que a obra está a xerar na contorna e que prexudica a imaxe do complexo; cabe lembrar, que estamos ante un complexo arquitectónica e artisticamente singular, que actúa como polo de atracción turístico na nosa comunidade e punto de encontro da cidadanía galega, tal e como reflicten as estatísticas anuais de afluencia de visitantes. Se consegue así unha harmonía paisaxística, máis si se ten en conta, a próxima conexión coa autopista AP9, e unha percepción no visitante dun proxecto completo, e non en constante construción.

- Cumprimento da normativa urbanística e de ordenación do territorio, así como a reversión do deterioro contable pola paralización da obra. A valoración de custes de demolición do construído e das obras que garantan a seguridade e estanqueidade da obra tras derruíla, permiten concluír que o desembolso económico sería de envergadura tal, que case se equipara ao de remate das obras.

Igualmente, cabe lembrar que entre os fins estatutarios da Fundación, se atopan todas aquelas actuacións necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, as que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, as que dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura e as axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural.

Polo tanto, tendo en conta os principios da maximización do beneficio social, defensa dos intereses de xeracións futuras e acceso universal aos bens e servizos públicos, que se predica da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, como institución de carácter público, resulta de interese público a construción do edificio Fontán.

En consonancia co anterior, o edificio Fontán nace co obxectivo de impulsar políticas propias de fomento dos recursos productivos (investigación e formación). Isto supón ademais un nexo de unión co futuro proxecto do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais, que estará dedicado a profundar en todo o que rodea ao Camiño de Santiago, a paisaxe, os itinerarios culturais e o patrimonio. Este centro será unha das primeiras expresións da vontade de facer un centro de investigación conxunto e poñelo á disposición do patrimonio cultural e económico que supón a ruta xacobeá, dentro das liñas de traballo que definirán as universidades.

Cómpre destacar que o novo complexo de investigación e innovación do SUG, será do primeiro centro de investigación en ciencias sociais do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e o único de España nestas áreas de coñecemento. Os seus contidos e investigacións serán definidos e coordinados en conxunto coas tres universidades e coa súa masa científica. As actuacións de mellora de servizos transversais e de I+D+i, estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do SUG. Polo tanto trátase dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin e non é preciso acudir a un procedemento de concorrencia competitiva.

Dunha parte, os servizos científicos que prestaría o CEIPAC contribuirán a axudar que a Cidade da Cultura de Galicia poida erixirse nun equipamento avanzado da Sociedade do Coñecemento, entendendo como esencial que a oferta da Cidade da Cultura de Galicia culmine cun dispositivo científico ligado ao SUG, de modo que o conxunto do complexo pódese ver beneficiado pola dinámica xerada desde uns servizos desta índole. Neste sentido o CEIPAC configúrase asemade como un xerador de contidos intrinsecamente vencellado coas dinámicas expositivas do espazo cultural.

Doutra banda, a ubicación no complexo da Cidade da Cultura de Galicia de todas estas accións presenta como principal vantaxe a xestión compartida dunha serie de espazos e servizos existentes e/ou de nova creación. Así, a unificación de servizos do CISUG supón unha indubidable mellora que repercute nunha xestión máis racional e eficiente, creando sinerxías entre servizos distintos que traballan sobre un mesmo universo ou ben xerando servizos compartidos que doutro xeito serían moito máis custosos. Nun sentido parecido repercutiría a nova localización da ACSUG neste complexo interuniversitario. Complementariamente a instalación de todas estas funcións transversais do SUG no edificio Fontán, axudará a concretar o criterio de desvinculación dos servizos que afectan a toda a comunidade universitaria galega cunha universidade concreta.

Visto todo o anterior, se considera de interese público a colaboración entre a Consellería e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, para executar accións destinadas á construción do Centro Europeo de Investigación en Paisaxes Culturais (CEIPAC), como centro de investigación en Ciencias Humanas e Sociais do SUG, e a adecuación de espazos para servizos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) así como a posible ubicación do CESGA, no edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

Secretario do Padroado

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)